

# INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN RESPONSABLE EN SAÚDE (RRI)

-Convocatoria 2024-

# OBXECTIVO

- Promover a identificación, recoñecemento e difusión de boas prácticas de RRI en saúde desenvoltas nos Intitutos de Investigación Sanitaria (IIS) acreditados polo ISCIII.
- Fomentar unha aprendizaxe compartida que mellore a implementación dos principios de RRI nas actividades dos IIS.
- Favorecer a diseminación de boas prácticas.

# FINALIDADE

Fomentar a participación activa das persoas na ciencia e a innovación desde as fases máis temperás dos proxectos de investigación, para que os resultados obtidos estean o máis aliñados posible coas necesidades sociais.



# A quen vai dirixido?

Aos Institutos de Investigación Sanitaria acreditados polo ISCIII.

Os IIS son centros multidisciplinares de investigación biomédica e sanitaria con orientación á transferencia efectiva e nucleados en centros públicos do Sistema Nacional de Saúde (SNS), aos que se asocian universidades, outros organismos de investigación e empresas, e cuxo obxectivo é xerar e implementar coñecemento para dar resposta ás necesidades de saúde dos cidadáns e promover o desenvolvemento económico e social.



# PROXECTOS e CANDIDATURAS

O ISCIII deseñou a convocatoria para: recoñecer aquelas iniciativas desenvoltas durante o ano 2022 e 2023 (e xa finalizadas) que teñan relación con calquera das seis áreas que forman parte de RRI.



Na convocatoria seleccionaranse un total de tres candidaturas, as mellor valoradas por unha comisión independente.

Cada IIS poderá presentar un máximo de tres solicitudes e estará aberta a todos os acreditados e ao seu persoal asignado en relación coa acción en RRI presentada.





# ÁREAS

Son 6 ás áreas da RRI:

- ▶▶ **Ética**
- ▶▶ **Igualdade de xénero**
- ▶▶ **Gobernanza**
- ▶▶ **Acceso aberto á ciencia**
- ▶▶ **Participación cidadá**
- ▶▶ **Educación científica**

-A convocatoria persegue recoñecer o traballo dos IIS nestas seis áreas da RRI-



# PRAZO

para presentar as solicitudes abarca:

dende o 20 de febreiro ata o 9 de  
abril de 2024.

